

***O feminismo a
través da história***

assemblea aberta de feminismo de ourense



Índice:

Apresentación.....	3
O feminismo a través da historia.....	5
O percorrido histórico do feminismo na Galiza.....	25
O feminismo que xa está aquí.....	27
Algunhas lecturas feministas recomendadas.....	29

O caderno que tes diante túa é froito do traballo dun grupo de mozas e mozos da **Asemblea Comarcal de Galiza Nova-Ourense**. Conscientes de que non hai teoría sen praxe nin praxe sen teoría e de que para establecer un cambio na sociedade é necesaria non só unha mudanza na estrutura (entendida como o sistema legal, a organización establecida) desta senón tamén da súa superestrutura (sistema de ideas e valores asimilados pola maioría) presentámosche aquí unha serie de textos moi esquemáticos que agardamos sexan esclarecedores respecto ao feminismo; a súa historia, as súas loitas, as súas correntes e teorías.

A nosa organización, que no recente 2008 cumpriu 20 anos de existencia, caracterizouse sempre non só por unha firme defensa do noso idioma, da nosa cultura, do noso dereito a decidir... senón tamén pola súa loita contra o machismo, contra o patriarcado e contra calquera xeito de opresión dun xénero cara o outro.

Creemos nunha sociedade igualitaria, unha sociedade formada non xa por homes e mulleres senón por persoas. É por iso polo que as mozas e os mozos de **Galiza Nova** declarámonos abertamente como feministas. Temos claro que a sociedade non está formada por compartimentos estanco e que calquera decisión que tome unha parte da mesma aféctalle a súa totalidade. Pensamos tamén que o machismo, a violencia contra as mulleres etc... non son só problemas de xénero, malia seren as mulleres as que nomeadamente padecen estes problemas senón que son problemas tamén sociais e polo tanto é a sociedade no seu conxunto, mulleres e homes, a que debe eliminalos. Isto supón que os homes débense implicar canda as mulleres no traballo feminista, aportar as súas visións e participar nas loitas destas.

Sabemos que isto supón ata certo punto rachar con esquemas organizativos e dinámicas establecidas desde hai xa moitos anos, mais cremos que este é o camiño a seguir.

Agardamos teñas unha boa lectura

Feministas somos tod@s!

O Feminismo a través da historia

Que o feminismo existiu sempre pode afirmarse en diferentes sentidos. No sentido máis amplo do térino, sempre que as mulleres, individual ou colectivamente, se queixaron do seu inxusto e amargo destino baixo o patriarcado e reivindicaron unha situación diferente, unha vida mellor. Porén neste libro abórdase o feminismo dun xeito máis específico: trátanse os diferentes momentos históricos nos que as mulleres artellaron, tanto a nivel teórico como na praxe, un conxunto coherente de reivindicacións e se organizaron para conseguilas. (1)

Neste percorrido histórica da historia do movemento feminista a exposición divídese en tres grandes bloques: feminismo premoderno, no que se recollen as primeiras manifestacións das “polémicas feministas”; o feminismo moderno, que arranca coa obra de Poulain de la Barre e os movementos de mulleres e feministas da Revolución Francesa, que rexorde con forza nos grandes movementos sociais do século XIX, e, por último, o feminismo contemporáneo, no que se analiza o neofeminismo dos anos sesenta e setenta e as últimas tendencias.

1 - Feminismo premoderno

O proceso de recuperación histórica da memoria feminista non fixo máis que comezar. Cada día que pasa, as investigacións engaden nomes novos á xenealoxía do feminismo e aparecen novos datos en torno á longa loita pola igualdade sexual. En xeral pódese afirmar que foi nos períodos de ilustración e nos momentos de transición cara a formais sociais máis xustas e liberadoras cando xurdiu con máis forza a polémica feminista.

É posíbel rastrear signos desta polémica nos mesmos principios do noso pasado clásico. A ilustración sofística produciu o pensamento da igualdade entre sexos, aínda que, como sinala Valcárcel, sobreviviu moito mellor a reacción patriarcal que xerou: “as chanzas bifrontes de Aristófanes, a Política de Aristóteles, a recollida de Platón” (2). Con tan ilustres precedentes, a historia occidental foi tecendo minuciosamente -dende a relixión, a lei e a ciencia- o discurso e a praxe que afirmaba a inferioridade da muller respecto do varón. Discurso que semellaba dividir en dous á especie humana: dous corpos, dúas razóns, dúas morais, dúas leis.

O Renacemento trouxo consigo un novo paradigma humano, o da autonomía, pero non se estendeu as mulleres. O solapamento do humano cos varóns permite a aparencia de universalidade do “ideal do home renacentista”. Porén, o culto renacentista á gracia, á beleza, ao inxenio e á intelixencia si tivo algunha consecuencia para as mulleres (3). A importancia da educación xerou numerosos tratados pedagóxicos e abriu un debate sobre a natureza e deberes dos sexos. Un importante procedente e un fito na polémica feminista

foi a obra de Christine de Pisan, "A cidade das damas (1405)". Pisan ataca o discurso da inferioridade das mulleres o ofrece unha alternativa á situación, pero, como certamente indica Alicia H. Puleo, non hai que confundir estas obras reivindicativas con un xénero apoloxético tamén cultivado no Renacemento e destinado a agradar as damas mecenas. Este xénero emprega un discurso da excelencia no que eloxia a superioridade das mulleres -"o vicio é masculino, a virtude feminina"- e confecciona catálogos de mulleres excepcionais. Así, por exemplo, o tratado que Agripa de Nettesheim dedica á rexente dos Países Baixos en 1510, "De nonilitate at praecellentia foeminei sexus" (4). A pesar dos diferentes tratados, haberá que agardar ao século XVII para a formulación da igualdade.

A cultura e a educación era entón un ben demasiado escaso e, loxicamente, foron doutra índole as accións que involucraron a máis mulleres e provocaron maior depresión: a relación das mulleres con numerosas herexías como as milenaristas. Guillermine de Bohemia, a finais do século VII, afirmaba que a redención de Cristo non alcanzara á muller, e que Eva aínda non fora salvada. Creou unha igrexa de mulleres á que acudían tanto mulleres do pobo como burguesas e aristócratas. A secta foi denunciada pola inquisición a comezos do século XIV. Aínda que as posicións das doutrinas heréticas sobre a natureza e a posición da muller eran moi confusas, conferíanlles unha dignidade e un escape emocional e intelectual que dificilmente podían atopar en outro espazo público (5). O movemento de renovación relixiosa que foi a Reforma protestante significou a posibilidade dun cambio no estado da polémica. Ao afirmar a primacía da conciencia-individuo e o sacerdocio universal de todos os verdadeiros crentes fronte á relación xerárquica con Deus, abría de par en par as portas ao interrogante feminino: ¿por que nós non? Paradóxicamente o protestantismo rematou reforzando a autoridade patriarcal, xa que se precisaba un substituto para a debilitada autoridade do sacerdote e do rei. Por moito que a Reforma supuxese unha maior dignificación do papel da muller-esposa-compañeira, o padre convertíase no novo e inapelábel intérprete das Escrituras, deus-rei do fogar.

Porén, e coma xa acontecera coas herexías medievais e renacentistas, a propia lóxica destas teses levou á formación de grupos máis radicais. Especialmente en Inglaterra, a puxanza do movemento puritano, xa a mediados do século XVII, deu lugar a algunhas sectas que, coma os quáqueros, desafiaron claramente a prohibición do apóstolo Pablo. Estas sectas incluiron mulleres como predicadoras e admitían que o espírito puidese expresarse a través delas. Algunhas mulleres atoparon unha interesante vía para desprezar individualidade: "O espírito podía inducir a unha muller ao celibato, ou a fiar o dereito do seu marido a gobernar a conciencia dela, ou ben indicarlle onde debía rendir culto ao poder de Deus" (6). Entón acusóuselles de pactar co demo. As frecuentes acusacións de bruxería contra as mulleres individualistas ao longo destes séculos e a súa conseguinte queima, foi o xusto contrapeso "divino" a quen desafiaban o poder patriarcal.

Na Francia do século XVII, os salóns comezaban a súa andadura como espazo

público capaz de xerar novas normas e valores sociais. En todos os salóns, as mulleres tiñan unha notábel presenza e protagonizaron o movemento literario e social coñecido como preciosismo. As preciosas, que declaran preferir a aristocracia do espírito á do sangue, revitalizaron a lingua francesa e impuxeron novos estilos amorosos; estableceron pois as súas normativas nun terreo no que as mulleres rara vez decidiran. Para Olivia Blanco, a especificidade da aportación dos salóns do século XVII ao feminismo radica en que “grazas a eles a 'querelle féministe' deixa de ser coto privado de teólogos e moralistas e pasa a ser un tema de opinión pública (7). Porén, tal e como sucedera coa Ilustración sofística, seguramente hoxe coñécese mellor a reacción patriarcal a este fenómeno, reacción ben simbolizada en obras tan espeluznantemente misóxinas como “Las mujeres sabias de Molière” e “La culta latiniparla” de Quevedo.

2 - Feminismo Moderno

a) As raíces ilustradas e a Revolución Francesa

Diferentes autoras, como Geneviève Fraisse e Celia Amorós, coincidiron en sinalar a obra do filósofo Poulain de la Barre e os movementos de mulleres e feministas que tiveron lugar durante a Revolución Francesa como dous momentos chave – teórico un, práctico o outro- na articulación do feminismo moderno. Así, no texto de Poulain de la Barre titulado “ Sobre la igualdad de los sexos” e publicado no 1673 – en pleno auxe do movemento de preciosas-sería a primeira obra feminista que se centra explicitamente en fundamentar a demanda de igualdade sexual. Fraisse sinalou que con esta obra estaríamos asistindo a un verdadeiro cambio no estatuto epistemolóxico da controversia ou “guerra dos sexos”: “a comparación entre o home e a muller abandona o centro do debate, e se fai posíbel unha reflexión sobre a igualdade” (8). Pola súa parte, Amorós encadra a obra de Poulain no contexto máis amplo da Ilustración. Recoñecendo o carácter pioneiro e específico da obra, esta forma parte dun continuo feminismo caracterizado por radicalizar ou universalizar a lóxica da razón, racionalista primeiro e ilustrado despois. Do mesmo xeito, mantén que o feminismo como corpo coherente de vindicacións e como proxecto político capaz de construír un suxeito revolucionario colectivo, só pode artellarse teoricamente a partir de premisas que afirman que todos os homes nacen libres e iguais e, por tanto, cos mesmos dereitos. Aínda cando as mulleres queden oficialmente fora do proxecto igualitario – tal e como sucede na Francia revolucionaria e en todas as democracias do século XIX e boa parte do XX -, a demanda de universalidade que caracteriza á razón ilustrada pode empregarse para irracionalizar os seus usos interesados e ilexítimos, neste caso patriarcais. Neste senso, afirma que o feminismo supón a efectiva radicalización do proxecto igualitario ilustrado. A razón ilustrada, razón fundamentalmente crítica, posúe a capacidade de voltar sobre si mesma e detectar as súas propias contradicións (9). E así a empregaron as mulleres da Revolución Francesa cando observaron con estupor como o novo Estado revolucionario non atopaba contradición algunha en pregonar aos catro ventos a igualdade universal e deixaba sen dereitos civís e políticos a todas as mulleres.

Na Revolución Francesa veremos aparecer non só o forte protagonismo das mulleres nos sucesos revolucionarios, tamén a aparición das máis contundentes demandas de igualdade sexual. A convocatoria dos Estados Xerais por parte de Luis XVI construíuse no prólogo da revolución. Os tres estados -nobreza, clero e pobo- reuníronse a redactar as súas queixas para presentarlhas ao rei. As mulleres quedaron excluídas, e comezaron a redactar os seus propios "chapiers de doleáncé". Con eles, as mulleres, que se autodenominaron "o terceiro Estado do terceiro Estado", mostraron a súa clara conciencia de colectivo oprimido e do carácter "interestamental" da súa opresión (10).

Tres meses despois da toma da Bastilla, as mulleres parisiñas protagonizaron a crucial marcha a Versalles, e trasladaron ao rei a París, onde sería máis difícil evadir os grandes problemas do pobo. Como comenta Paule-Marie Duhet, na súa obra "As mulleres e a Revolución", unha vez que as mulleres sentaran o procedente de iniciar un movemento popular armado, non se ían deter no seu afán de non ser retiradas da vida política (11). Pronto se formaron clubs de mulleres, nos que plasmaron efectivamente a súa vontade de participación. Un dos máis importantes e radicais foi o dirixido por Claire Lecombe e Pauline León: a Société Républicanine Révolutionnaire. Impulsadas polo seu auténtico protagonismo e o recoñecemento público do mesmo, outras mulleres como Théroigne de Méricourt non dubidaron en defender e exercer o dereito a formar parte do exército.

Porén, pronto se comprobou que unha cousa era que a República agradeceuse e condecorase as mulleres polos servizos prestados e outra que estivera disposta a recoñecerlles outra función que a de nais e esposas (dos cidadáns). En consecuencia, foi desestimada a petición de Condorcet de que a nova República educase igualmente as mulleres e aos homes, e a mesma sorte correu un dos mellores alegatos feministas da época, o seu escrito do 1790 sobre a admisión das mulleres ao dereito de cidadanía.

Seguramente un dos momentos máis lúcidos na paulatina toma de conciencia feminista das mulleres está na Declaración dos dereitos da muller e a cidadanía no 1791. A súa autora Olympe de Gouges, unha muller do pobo e de tendencias políticas moderadas, que dedicou a declaración á raíña María Antonieta, con quen finalmente compartiría un mesmo destino baixo a guillotina. Este foi o seu veredicto sobre o home: "Estraño, cego, hinchado de ciencias e dexenerado, neste século de luces e de sagacidade, na ignorancia máis crasa, quere mandar como un déspota sobre un sexo que recibiu todas as facultades intelectuais e pretende gozar da revolución e reclamar os seus dereitos á igualdade, para dicilo dunha vez por todas" (12). No 1792, a inglesa Mary Wollstonecraft redactará en poucas semanas a celebre Vindicación dos dereitos da muller. As mulleres comezaran expondo as súas reivindicacións nos cadernos de queixas e terminan afirmando orgullosamente os seus dereitos. A transformación respecto aos séculos anteriores, como acertadamente sintetizou Fraisse, significa o paso do xesto individual ao movemento colectivo: a querela é levada a praza pública e toma a forma dun

debate democrático: convértese por vez primeira de forma explícita nunha cuestión política. (13)

Porén, a Revolución Francesa supuxo unha amarga e seguramente inesperada derrota para o feminismo. Os clubs de mulleres foron fechados polos xacobinos no 1793 e no 1794 prohibiuse explicitamente a presenza de mulleres en calquera tipo de actividade política. As que se significaran na súa participación política, de calquera adscripción ideolóxica, compartiron o mesmo final: a guillotina ou o exilio. As máis lúgubres predicións cumpríranse amplamente: as mulleres non podían subir a tribuna, pero si ao cadarso. ¿Cal era a súa falta?. A prensa revolucionaria da época o explica moi claramente: Transgrediran as leis da natureza abxurando o seu destino de nais e esposas, querendo ser “homes de Estado”. O novo código civil napoleónico, de influencia até practicamente os nosos días, encargárase de plasmar legalmente esa “lei natural”.

b) Feminismo decimonónico.

No século XIX, o século dos grandes movementos sociais emancipadores, o feminismo reaparece, por primeira vez, como un movemento social de carácter internacional, cunha identidade autónoma teórica e organizativa. Ademais, ocupará un lugar importante no seo doutros grandes movementos sociais, os diferentes socialismos e o anarquismo.

Estes movementos herdaron en boa medida as demandas igualitarias da Ilustración, pero xurdiron para dar resposta aos acuciantes problemas que estaban xerando a revolución industrial e o capitalismo. O desenvolvemento das democracias censitarias e o decisivo feito da industrialización suscitaron enormes expectativas a respecto do progreso da humanidade, e chegou a pensar que o fin da escaseza material estaba próximo. Porén, estas esperanzas chocaron frontalmente coa realidade. Por un lado as mulleres lles negaban os dereitos civís e políticos máis básicos, segando das súas vidas calquera atisbo de autonomía persoal. Polo outro o proletariado –e loxicamente as mulleres proletarias- quedaba totalmente ao marxe da riqueza producida pola industria, e a súa situación de degradación e miseria converteuse nun dos feitos máis sangrantes do novo orde social. Estas contradicións foron o caldo de cultivo das teorías emancipadoras e dos movementos sociais do XIX.

c) O movemento sufraxista

Como se sinala habitualmente, o capitalismo alterou as relacións entre os sexos. O novo sistema económico incorporou masivamente as mulleres proletarias ao traballo industrial -man de obra máis barata e submisa que os homes-, pero, na burguesía, a clase social ascendente, se deu o fenómeno contrario. As mulleres quedaron enclaustradas nun fogar que era, cada vez máis, símbolo do status e éxito laboral do varón. As mulleres, maiormente as de burguesía media, experimentaban con crecente indignación a súa situación de propiedade legal dos seus maridos e a súa marxinação da educación e as profesións liberais, marxinação que, en moitas ocasións, as conducía

inevitabelmente, de non contraer matrimonio, a pobreza.

Neste contexto, as mulleres comezaron a organizarse en torno á reivindicación do dereito ao sufraxio, o que explica a súa denominación como sufraxistas. Isto non debe entenderse nunca no sentido de que esa fora a súa única reivindicación. Moi ao contrario, as sufraxistas loitaban pola igualdade en todos os terreos apelando á auténtica universalización dos valores democráticos e liberais. Porén, e desde o punto de vista estratéxico, consideraban que, unha vez conseguido o voto e o acceso ao parlamento, podían comezar a cambiar o resto das leis e institucións. Ademais, o voto era un medio de unir a mulleres de opinións políticas moi diferentes. O seu movemento era de carácter interclasista, pois consideraban que todas as mulleres sufrían en canto que mulleres, e independentemente da súa clase social, discriminacións semellantes.

En Estados Unidos, o movemento sufraxista estivo inicialmente moi relacionado co movemento abolicionista. Gran número de mulleres uniron as súas forzas para combater na loita contra a escravitude e, como sinala Sheyla Rowbotham, non só aprenderon a organizarse, tamén a observar as similitudes da súa situación coa escravitude (14). No 1848, no Estado de Nova Iorque, aprobouse a Declaración de Seneca Falls, un dos seus textos fundacionais do sufraxismo (15). Os argumentos que se empregan para vindicar a igualdade dos sexos son de corte ilustrado: apelan a lei natural como fonte de dereitos para toda a especie humana, e a razón e ao bo sentido da humanidade como armas contra o prexuízo e o costume. Tamén cabe sinalar de novo a importancia do transfundo individualista da relixión protestante; como ha sinalado Richard Evans: “A crenza protestante no dereito de todos os homes e mulleres a traballar individualmente pola súa propia salvación proporcionaría unha seguridade indispensable, e a cotío realmente unha auténtica inspiración, a moitas, se non a case todas as loitadoras das campañas feministas do século XIX” (16). Elizabeth Cady Stanton, a autora da Biblia das mulleres, e Susan B. Anthony, foron dous das máis significativas sufraxistas estadounidenses.

En Europa, o movemento sufraxista inglés foi o máis potente e radical. Dende 1866, no que o deputado John Stuart Mill, autor de “A suxeición da muller”, presentou a primeira petición a favor do voto feminino no Parlamento, non deixaron de sucederse iniciativas política. Porén, os esforzos dirixidos a convencer e persuadir aos políticos da lexitimidade dos dereitos políticos das mulleres provocaban burlas e indiferenza. En consecuencia, o movemento sufraxista dirixiu a súa estratexia a accións máis radicais. Aínda que, como ben matizou Rowbotham: “as tácticas militantes da Unión naceran da desesperación, despois de anos de paciente constitucionalismo” (17). As sufraxistas foron encarceradas, protagonizaron folgas de fame e algunha atopou a morte defendendo a súa máxica: “votos para as mulleres”. Tería que pasar a Primeira Guerra Mundial e chegar o 1928 para que as mulleres inglesas puidesen votar en igualdade de condicións.

d) O Feminismo socialista

O socialismo como corrente de pensamento sempre tivo en conta a situación das mulleres a hora de analizar a sociedade e proxectar o futuro. Isto non significa que o socialismo sexa necesariamente feminista, pero si que no século XIX comezaba a resultar difícil abandeirar proxectos iguallarios radicais sen ter en conta a metade da humanidade.

Os socialistas utópicos foron os primeiros en abordar o tema da muller. O nervio do seu pensamento, como o de todo socialismo, arranca da miserábel situación económica e social na que vivía a clase traballadora. En xeral, propoñen a volta a pequenas comunidades nas que poda existir autoxestión -os falansterios de Fourier- e se desenvolva a cooperación humana nun réxime de igualdade que afecte tamén aos sexos. Porén, e a pesar de recoñecer a necesidade de independencia económica das mulleres, a veces non foron o bastante críticos coa división sexual do traballo. Aínda así, o sei rexeitamento da suxeición das mulleres tivo un gran impacto social, e a teses de Fourier de que a situación das mulleres era o indicador chave do nivel de progreso e civilización dunha sociedade foi literalmente asumida polo socialismo posterior. (18)

Flora Tristán na súa obra "Unión Obreira (1843)" adica un capítulo a expor a situación das mulleres. Tristán mantén que "todas as desgrazas do mundo proveñen do esquecemento e o desprezo que ate hoxe se fixo dos dereitos naturais e imprescritíbeis do ser muller" (19). Non seus proxectos de reforma, a educación das mulleres resulta crucial para o progreso das clases traballadoras, aínda que, iso si, debido á influencia que como nais, fillas, esposas, etc..., teñen sobre os varóns. Para Tristán, as mulleres "o son todo na vida do obreiro", o que non deixa de supor unha acrítica asunción da división sexual do traballo. Desde outro punto de vista, entre os seguidores de Saint-Simón e Owen asentouse a idea de que o poder espiritual dos varóns esgotarase e a salvación da sociedade so podía proceder do "feminino". En algúns grupos, incluso, iniciouse a busca do novo mesías feminino (20).

Tal vez a aportación máis específica do socialismo utópico resida na gran importancia que concedían á transformación da institución familiar. Condenaban a dobre moral e consideraban o celibato e o matrimonio indisolúbel como institucións represoras e causa de inxustiza e infelicidade. De feito, como sinalaba no seu día Jhon Stuart Mill, a eles cabe a honra de ter abordado sen prexuízos temas con que non se atrevían outros reformadores sociais da época.

e) Socialismo marxista.

A mediados do século XIX comezou a imporse no movemento obreiro o socialismo de inspiración marxista ou "científico". O marxismo artellou a chamada "cuestión feminina" na súa teoría xeral da historia e ofreceu unha nova explicación para a orixe da opresión das mulleres e unha nova estratexia para a súa emancipación. Tal e como desenvolveu Friedrich Engels no "A orixe da familia, a propiedade privada e o Estado", obra publicada no 1884, a orixe do amarre das mulleres non estaría en causas biolóxicas -a capacidade

reprodutora ou a constitución física- senón sociais. En consecuencia, deste análise séguese que a emancipación das mulleres irá ligada ao seu retorno á produción e a independencia económica.

Esta análise, pola que se apoiaba a incorporación das mulleres á produción, non deixou de ter numerosos detractores no propio ámbito socialista. Utilizábanse diferentes argumentos para oporse ao traballo asalariado das mulleres: a necesidade de protexer ás obreiras da sobrexplotación de que eran obxecto, o elevado índice de abortos e mortalidade infantil, o aumento do desemprego masculino, o descenso dos salarios... pero como sinalou Auguste Bebel na súa obra "A muller e o socialismo" tamén debíase a que, a pesar da teoría, non todos os socialistas apoiaban a igualdade dos sexos: "Non crea que todos os socialistas eran emancipadores da muller, hainos para quen a muller emancipada é tan antipática como o socialismo para os capitalistas". (21)

Por outro lado, o socialismo insistía nas diferenzas que separaban as mulleres das distintas clases sociais. Así, aínda que as socialistas apoiaban taticamente as demandas sufraxistas, tamén as consideraban inimigas de clase e as acusaban de esquecer a situación das proletarias, o que provocaba a desunión dos movementos. A relativamente poderosa infraestructura coa que contaban as feministas burguesas e a forza da súa mensaxe callaba nas obreiras levándoas ao seu lado. Unha das tarefas das socialistas foi a de romper esa alianza. Alexandra Kollontai, bolchevique e feminista, relata nas súas Memorias algunhas das súas estratexias dende a clandestinidade. En decembro de 1908 tivo lugar en San Petersburgo, e convocado polas feministas "burguesas", o Primeiro Congreso Feminino de todas as Rusias, Kollontai non puido asistir, porque pesaba unha orde de detención sobre ela, pero puido preparar a intervención dun grupo de obreiras. Estas tomaron a palabra para sinalar a especificidade da problemática das mulleres traballadoras e cando se propuxo a creación dun centro feminino interclasista, abandonaron o congreso. (22)

Porén existen numerosos testimonios dos dilemas que se lles presentaban as mulleres socialistas. Aínda que suscribían a tese de que a emancipación das mulleres era imposible no capitalismo -explotación laboral, desemprego crónico, dupla xornada, etc- eran conscientes de que para as súas camaradas e para a dirección do partido a cuestión feminina non era precisamente prioritaria. Máis ben considerábase unha mera cuestión de superestructura, que se solucionaríase automaticamente coa socialización dos medios de produción, e, no peor dos casos, "unha desviación perigosa cara o feminismo". Isto non impediu que as mulleres socialistas se organizaran dentro dos seus propios partidos; reuníanse para discutir os seus problemas específicos e crearon, a pesar de que a lei prohibíalles afiliarse a partidos, organizacións feministas. Os cimentos dun movemento socialista feminino realmente foron postos pola alemá Clara Zetkin (1854-1933), quen dirixiu a revista feminina Die Gleichheit (Igualdade) e chegou a organizar unha Conferencia Internacional de Mulleres no 1907.

O socialismo marxista tamén prestou atención á crítica da familia e a dupla moral, e relacionou a explotación económica e sexual da muller. Neste sentido, é imprescindible remitirse á obra de Kollontai escribe a principios do século XX. Alexandra Kollontai puxo nun primeiro plano teórico a igualdade sexual e mostrou a súa interrelación co triunfo da revolución socialista. Pero tamén foi ela mesma, ministra durante só seis meses do primeiro goberno de Lenin, quen deu a voz de alarma sobre o rumbo preocupante que ía tomando a revolución feminista na Unión Soviética. A igualdade de sexos establecérase por decreto, pero non se tomaran medidas específicas, tal e como ela postulaba, como o que hoxe chamaríamos a ideoloxía patriarcal.

f) Movemento anarquista

O anarquismo non articulou con tanta precisión teórica como o socialismo a problemática da igualdade entre os sexos, e incluso cabe destacar que anarquistas da talla de Pierre J. Proudhon (1809-1865) mantivo tranquilamente posturas antiigualitarias extremas. Estas son algunhas das súas palabras: "Pola miña parte, podo dicir que, canto máis penso niso, explícome menos o destino da muller fora da familia e o fogar. Cortesana ou ama de chaves (ama de chaves, digo, e non criada); eu non vexo termo medio" (23).

Porén, o anarquismo como movemento social contou con numerosas mulleres que contribuíron á loita pola igualdade. Unha das ideas máis recorrentes entre as anarquistas -en consonancia co seu individualismo- era a de que as mulleres se liberarían grazas á súa propia forza e o esforzo individual. Así o expresou, xa entrado o século XX, Emma Goldman (1869-1940), para quen pouco vale o acceso ao traballo asalariado se as mulleres non son capaces de vencer todo o peso da ideoloxía tradicional no seu interior. Así, o énfase posto en vivir acordo coas propias conviccións propiciou auténticas revolucións na vida cotiá das mulleres que, orgullosas, autodesignábanse "mulleres libres". Consideraban que a liberdade era o principio reitor de todo e que as relacións entre os sexos tiñan que ser absolutamente libres. A súa rebelión contra a xerarquización, a autoridade e o Estado, levábaas, por un lado e fronte a outras sufraxistas, a minimizar a importancia do voto e as reformas institucionais; por outro, vían como un perigo enorme o que ao seu xuízo propuñan os comunistas: a regulación por parte do Estado da procreación, a educación e o coidado dos nenos.

3 - Neofeminismo: os anos 60 e 70

A consecución do voto e todas as reformas que trouxo consigo deixaran relativamente tranquilas ás mulleres; as súas demandas foran satisfeitas, vivían nunha sociedade legalmente cuasi-igualitaria e a calma parecía reinar na maioría dos fogares. Porén, debía ser unha calma un tanto enrarecida, pois acercábase un novo despertar do movemento feminista. A obra de Simone de Beauvoir é referencia fundamental do cambio que ven. Tanto a súa vida como a súa obra son paradigmáticas das razóns dun novo rexurdir do movemento. Tal e como conta a propia Simone, hasta que emprendeu a redacción do "O Segundo Sexo" apenas fora consciente de sufrir

discriminación algunha polo feito de ser muller. A xove filósofa, igual que o seu compañeiro Jean Paul Sartre, realizara unha brillante carreira académica, e inmediatamente despois ingresou por oposición -tamén como el- á carreira docente. ¿Onde estaba entón a desigualdade e a opresión? Iniciar unha contundente resposta do feminismo contemporáneo a este interrogante é a impresionante labor levada a cabo nos dous tomos de "O Segundo Sexo" (1949). Ao tempo que pioneira, Simone de Beauvoir constitúe un brillante exemplo de como a teoría feminista supón unha transformación revolucionaria da nosa comprensión da realidade. Non hai que infravalorar as dificultades que experimentaron as mulleres para descubrir e expresar os termos da súa opresión na época da "igualdade legal". Esta dificultade foi retratada con moita precisión pola estadounidense Betty Friedman: o problema das mulleres era "o problema que non ten nome", e o obxecto da teoría e a praxe feminista foi, xustamente, o de darlle nome. Friedman, na súa tamén voluminosa obra "A mística da feminidade" (1963), analizou a profunda insatisfacción das mulleres estadounidenses consigo mesmas e a súa vida, e a súa tradución en problemas persoais e diversas patoloxías autodestrutivas: ansiedade, depresión, alcolismo (24). Porén o problema é para ela un problema político: "a mística da feminidade" -reacción patriarcal contra o sufraxismo e a incorporación das mulleres á esfera pública durante a Segunda Guerra Mundial-, que identifica muller con nai e esposa, co que cercena toda posibilidade de realización persoal e culpabiliza a todas aquelas que non son felices vivindo só para os demais.

b) Feminismo liberal

Betty Friedman contribuíu a fundar no 1966 a que chegou a ser unha das organizacións feministas máis poderosas dos Estados Unidos, e sen dúbida a máxima representante do feminismo liberal, a Organización Nacional para as Mulleres (NOW). O feminismo liberal caracterízase por definir a situación das mulleres como unha de desigualdade -e non de opresión e explotación- e por postular a reforma do sistema hasta lograr a igualdade entre sexos. As liberais comezaron definindo o problema principal das mulleres como a súa exclusión da esfera pública, e propugnaban reformas relacionadas coa inclusión das mesmas no mercado laboral. Tamén dende o principio tiveron unha sección destinada a formar ou promover ás mulleres para ocupar postos públicos. Pero pronto a influencia do feminismo radical empurrou as máis novas para a esquerda. Ante o malestar e o medo aos sectores máis conservadores, Betty Friedman declara que: "No futuro, a xente que pensa que NOW é demasiado activista terá menos peso que a mocidade" (25). Así, remataron por abrazar as teses de que o persoal é político -cando Friedman chegara a queixarse de que as radicais convertían a loita política nunha "guerra de dormitorio"- e a organización de grupos de autoconciencia, dous estandartes básicos do feminismo radical e que inicialmente rexeitaban. Máis tarde, co declive do feminismo radical nos Estados Unidos, o reciclado "feminismo liberal" cobrou un importante protagonismo hasta chegar a converterse, a xuízo de Echols na "voz do feminismo como movemento político" (26).

Porén, foi ao feminismo radical , caracterizado pola súa aversión ao

liberalismo, a quen correspondeu o verdadeiro protagonismo nas décadas dos 60 e 70.

c) Xurdimento do feminismo radical: “feministas políticas” e “feministas”

Os sesenta foron anos de intensa axitación política. As contradicións dun sistema que ten a súa lexitimación na universalidade dos seus principios, pero que en realidade é sexista, racista, clasista e imperialista, motivaron á formación da chamada Nova Esquerda e os diversos movementos sociais radicais como o movemento antirracista, o estudantil, o pacifista e, claro está, o feminista. A característica distintiva de todos eles foi o seu marcado carácter contracultural: non estaban interesados na política reformista dos grandes partidos, senón en forxar novas formas de vida -que prefigurasen a utopía comunitaria dun futuro que divisaban á volta da esquina- e, como non, ao home novo. E tal como se ven observando ao longo da historia, moitas mulleres entraron a formar parte deste movemento de emancipación.

En boa medida, a xénese do Movemento de Liberación da Muller hai que buscala no seu crecente descontento co papel que xogaban naquel. Así describe Robin Morgan o que foi unha experiencia xeneralizada de mulleres: “Como queira que críamos estar metidas na loita para construír unha nova sociedade, foi para nós un lento espertar e unha deprimente constatación descubrir que realizábamnos o mesmo traballo no movemento que fora del: pasando a máquina os discursos dos homes, facendo café pero non política, sendo auxiliares dos homes, cuxa política, supostamente, reemplazaría ao vello orde” (27). Novamente foi a través do activismo político xunto aos homes, como no seu día as sufraxistas na loita contra o abolicionismo, como as mulleres tomaron conciencia da peculiaridade da súa opresión. Posto que o home novo facíase esperar, a muller nova -da que tanto falara Alexandra Kollontai a principios de século- decidiu comezar a reunirse pola súa conta. A primeira decisión política do feminismo foi a de organizarse de xeito autónomo, separarse dos homes, decisión coa que se constituíu o Movemento de Liberación da Muller. Tal e como reseña Echols, se ben todas estaban de acordo na necesidade de separarse dos homes, disentían a respecto da natureza e o fin da separación. Así produciuse a primeira gran escisión dentro do feminismo radical: a que dividiu as feministas en “políticas” e “feministas”. Todas elas forman inicialmente parte do feminismo radical pola súa posición antisistema e polo seu afán de distanciarse do feminismo liberal, pero as súas diferenzas son unha referencia fundamental para entender o feminismo da época.

Nun principio, as “políticas” foron maioría, pero a partir do 68 moitas foron facéndose máis feministas para, finalmente, quedar en minoría. Para as “políticas”, a opresión das mulleres deriva do capitalismo ou do Sistema, polo que os grupos de liberación debían permanecer conectados e comprometidos co Movemento; en realidade, consideraban o feminismo un ala máis da esquerda. Soe considerarse que a elas, á súa experiencia e ás súas conexións débéronse moitos dos éxitos organizativos do feminismo, pero loxicamente

tamén traían a súa servidume ideolóxica.

As “feministas” maniféstanse contra a subordinación á esquerda, xa que identifican aos homes como os beneficiarios da súa dominación. Non eran, nin moito menos, antiesquerda, pero sí moi críticas co seu sexismo e a tónica interpretación do feminismo nun abanico de posibilidades que ía da súa mera consideración como cuestión periférica á máis perigosa calificación de contrarrevolucionario.

As interminábeis e acaloradas discusións en torno a cal era a contradición e o inimigo principal caracterizaron o desenvolvemento do neofeminismo non só nos Estados Unidos, senón tamén en Europa e o Estado Español. A lóxica dos debates sempre foi similar: mentres as máis feministas pugnaban por facer entender ás políticas que a opresión das mulleres non é soamente unha simple consecuencia do Sistema, senón un sistema específico de dominación en que a muller é definida en termos do home, as políticas non podían deixar de ver aos homes como vítimas do sistema e de enfatizar o non enfrontamento con eles. No caso dos Estados Unidos as políticas escondían un medo que pesou sempre sobre as mulleres de esquerda: o de que os compañeiros, depositarios do poder simbólico para dar ou quitar denominacións de orixe “progresista”, interpretasen un movemento só de mulleres como reaccionario e liberal. De feito, é moi aleccionador reparar en que, á hora de procurar “denominación”, o termo “feminista” foi inicialmente repudiado por algunhas radicais. O problema estaba en que o asociaban coa que consideraban a primeira ola de feminismo, o movemento sufraxista, ao que desprezaban como burgués e reformista. Sulamith Firestone, inscutable teórica e discutida líder de varios grupos radicais, foi a primeira en atreverse a reivindicar o sufraxismo afirmando que era un movemento radical e que “a súa historia fora enterrada por razóns políticas” (28).

Finalmente chegou a separación e o nome de feminismo radical pasou a designar unicamente aos grupos e as posicións teóricas das “feministas”.

d) Feminismo radical

O feminismo radical norteamericano desenvolveuse entre os anos 1967 e 1975, e a pesar da rica heteroxeneidade teórica e práctica dos grupos en que se organizou, parte duns dos plantexamentos comúns. Respecto aos plantexamentos teóricos, hai que citar dúas obras fundamentais: “Política Sexual” de Kate Millet e “A Dialéctica da Sexualidade” de Sulamit Firestone, publicadas no ano 1970. Armadas das ferramentas teóricas do marxismo, o psicanálise e o anticolonialismo, estas obras acuñaron conceptos fundamentais para a análise feminista como o de patriarcado, xénero e casta sexual. O patriarcado defínese como un sistema de dominación sexual que se concibe, ademais, como o sistema básico de dominación sobre o que se levanta o resto das dominacións, como a de clase e raza. O xénero expresa a construción social da femineidade e a casta sexual alude á común experiencia da opresión vivida por todas as mulleres (29). As radicais identificaron como centros da dominación patriarcal esferas da vida que hasta entón

considerábanse “privadas”. A elas corresponde o mérito de ter revolucionado a teoría política ao analizar as relacións de poder que estruturan a familia e a sexualidade; sintetizárono nun slogan: “o persoal é político”. Consideraban que os homes, todos os homes, e non só a elite, reciben beneficios económicos, sexuais e psicolóxicos do sistema patriarcal, pero en xeral acentuaban a dimensión psicolóxica da opresión. Así o reflicte o manifesto fundacional das New York Radical Feminist (1969), *Politics of the Ego*, onde afirman: “Pensamos que a fin da dominación masculina é obter satisfacción psicolóxica para o seu ego, e que só secundariamente isto maniféstase nas relacións económicas” (30).

Unha das aportacións máis significativas do movemento feminista radical foi a organización en grupos de autoconciencia. Esta práctica comezou no New York Radical Women (1967), e foi Sarachild quen lle deu o nome de “consciousness-raising”. Consistía en que cada muller do grupo explicase as forma en que experimentaba e sentía a súa opresión, O propósito destes grupos era “espertar a conciencia latente que... todas as mulleres temos sobre a nosa opresión”, para propiciar “a reinterpretación política da propia vida” e por as bases para a súa transformación. Coa autoconciencia pretendíase tamén que as mulleres dos grupos se converteran en auténticas expertas da súa opresión: estaban construíndo a teoría dende a experiencia persoal e non dende o filtro das ideoloxías previas. Outra función importante destes grupos foi a de contribuír á revalorización da palabra e as experiencias dun colectivo sistematicamente inferiorizado e humillado ao longo da historia. Así o sinalou Válcárcel comentando algunhas das obras clásicas do feminismo: “o movemento feminista debe tanto a estas obras escritas como a unha singular organización: os grupos de encontro, en que só mulleres desgranaban semana a semana a serie das súas humillacións, que intentan comprender como parte dunha estrutura teorizábel” (31). Porén os diferentes grupos de radicais variaban na súa apreciación desta estratexia. Segundo a durísima apreciación de Mehrhof, membro das Redstockings (1969): “a autoconciencia ten a habilidade de organizar gran número de mulleres, pero de organizalas para nada” (32). Houbo acalorados debates internos e finalmente autoconciencia-activismo configuráronse como opcións opostas.

O activismo dos grupos radicais foi, en máis dun sentido, espectacular. Espectaculares por multitudinarias foron as manifestacións e marchas de mulleres, pero aínda máis o eran os lúcidos actos de protesta e sabotaxe que puñan en evidencia o carácter de obxeto e mercancía da muller no patriarcado. Con actos como a queima pública de suxeitadores e corsés, a sabotaxe de comisións de expertos sobre o aborto formada por catorce homes e unha muller (imoxa!), ou a simbólica negativa da carismática TI-Grace Atkinson a deixarse fotografar en público ao lado dun home, as radicais conseguiron que a voz do feminismo entrase en todos e cada un dos fogares estadounidenses. Outras actividades non tan espectaculares, pero de consecuencias enormemente beneficiosas para as mulleres foron a creación de centros alternativos de axuda e autoaxuda. As feministas non só crearon espazos propios para estudar e organizarse, senón que desenvolveron unha

saúde e unha xinecoloxía non patriarcais, animando ás mulleres a coñecer o seu propio corpo. Tamén fundaron garderías, centros para mulleres maltratadas, centros de defensa persoal e un longo etcétera.

Tal e como se desprende dos grupos de autoconciencia, outra característica común dos grupos radicais foi o exixente impulso igualitarista e antixerárquico: ningunha muller está por riba de outra. En realidade, as lideresas estaban mal vistas, e unha das constantes organizativas era por regras que evitasen o predominio das máis dotadas ou preparadas. Así é frecuente escoitar ás lideresas do movemento, que as había, ou a quen actuaban como voceiras, “pedir perdón ás nosas irmáns por falar por elas”. Esta forma de entender a igualdade trouxo moitos problemas aos grupos: un dos máis importantes foi o problema da admisión de novas militantes. As novas tiñan que aceptar a líña ideolóxica a estratéxica do grupo, pero unha vez dentro tamén podían, e de feito o facían habitualmente, comezar a cuestionar o manifesto fundacional. O resultado era un estado de permanente debate interno, enriquecedor para as novas pero tremendamente cansiño para as veteranas. O igualitarismo traducíase en que mulleres sen a máis mínima experiencia política e chegadas ao feminismo atopábanse nunha situación de poder criticar duramente por “elitista” a unha lideresa con experiencia militante e a potencia teórica de Sulamith Firestone. Chegouse incluso a recelar das teóricas sospeitando que instrumentalizaban o movemento para facerse famosas. O caso é que a maior parte das lideresas foron expulsadas dos grupos que fundaran. Jo Freeman reflicte esta experiencia persoal na súa obra “A tiranía da falla de estruturas” (33).

Echols sinalou esta negación da diversidade das mulleres como unha das causas do declive do feminismo radical. A tese da irmandade ou sororiedade de todas as mulleres unidas por unha experiencia común tamén se viu ameazada pola polémica aparición dentro dos grupos da cuestión de clase e o lesbianismo. Pero en última instancia foron as agónicas disensións internas, máis o lóxico desgaste dun movemento destas características, o que trouxo a mediados dos setenta a fin do activismo do feminismo radical.

e) Feminismo e socialismo: a nova alianza

Tal e como se observa, o feminismo decantábase como unha loita contra o patriarcado, un sistema de dominación sexual, e o socialismo como a loita contra o sistema capitalista ou de clases. Porén numerosas obras da década dos setenta declaraban ser intentos de conciliar teoricamente feminismo e socialismo e defenden a complementariedade da súa análise. Así o fixeron, entre outras moitas, Sheyla Rowbotham, Roberta Hamilton, Zillah Einstein e Juliet Michell. Algunhas feministas socialistas chegaron a recoñecer que as categorías análíticas do marxismo son “cegas ao sexo” e que a “cuestión feminina” nunca foi a “cuestión feminista” (34), pero tamén consideraban que o feminismo é cego para a historia e para as experiencias das mulleres traballadoras, emigrantes ou “non brancas”. De ahí que sigan buscando unha alianza máis progresiva entre as análises de clase, xénero e raza. Pero nesta anovada alianza, o xénero e o patriarcado son as categorías que vertebran as

súas análises da totalidade social.

4 – Feminismo da diferenca e últimas tendencias.

g) Feminismo da diferenca

Segundo o exhaustivo e influente análise de Echols, o feminismo radical estadounidense evolucionara cara un novo tipo de feminismo para o que empregaba o nome de feminismo cultural. A evolución radica no paso de unha concepción construtivista de xénero a unha concepción esencialista. Pero a diferenza fundamental está en que mentres o feminismo radical -e tamén o feminismo socialista e o liberal- loita pola superación dos xéneros, o feminismo cultural parece afianzarse na diferenza. En Europa, especialmente en Francia e Italia, tamén xurdiu ao hilo de diferentes escisións e disensións dentro do movemento feminista dos setenta, feminismos autoproclamados defensores da diferenza sexual. De ahí a súa designación como feminismo da diferenza fronte aos igualitarios.

- Feminismo cultural.

O feminismo cultural estadounidense engloba, segundo a tipoloxía de Echols, ás distintas correntes que igualan a liberación das mulleres co desenvolvemento e preservación dunha contracultura feminina: vivir nun mundo de mulleres para mulleres (35). Esta contracultura que exalta o "principio feminino" e os seus valores e denigra o "masculino". Raquel Osborne sintetizou algunhas das características que se atribúen a un principio e outro. Os homes representan a cultura, as mulleres a natureza. Ser natureza e posuír a capacidade de ser nais comporta a posesión das cualidades positivas, que inclinan en exclusiva ás mulleres á salvación do planeta, xa que son moralmente superiores aos homes. A sexualidade masculina é agresiva e potencialmente letal, a feminina difusa e tenra orientada ás relacións interpersoais. Por último, deriváase a opresión da muller da supresión da esencia feminina. De todo iso conclúese a política de acentuar as diferenzas entre os sexos, condenase a heterosexualidade pola súa convivencia co mundo masculino e acódeuse á lesbianismo como alternativa de non contaminación (36). Esta visión netamente dicotómica das naturezas humanas callou noutros movementos como o ecofeminismo de Mary Daly e o xurdimento dunha polémica fronte antipornografía e antiprostitución.

- Feminismo francés da diferenza

O feminismo francés da diferenza parte da constatación da muller como o absolutamente outro. Instalado nesa outredade pero tomando prestada a ferramenta da psicanálise emprega a exploración do inconsciente como medio privilexiado de reconstrución dunha identidade propia, exclusivamente feminina. Entre as súas representantes destacan Annie Leclerc, Hélène Cixous e, sobre todas, Luce Irigaray. O seu estilo, realmente críptico se non se posúe determinada formación filosófica, ou incluso determinadas chaves culturais especificamente francesas, non debe facernos pensar nun movemento sen incidencia algunha na praxe. O grupo "Psychanalyse et Politique" xurdiu nos setenta e é un referente ineludíbel do feminismo francés. Desde o mesmo

criticábase duramente ao feminismo igualitario por considerar que é reformista, asimila as mulleres e aos homes e, en última instancia, non consegue saír do paradigma de dominación masculina.

As súas partidarias protagonizaron duros enfrontamentos co “feminismo”, algúns tan chamativos como asistir a manifestacións con pancartas de “Fóra o feminismo”, e incluso acudiron aos tribunais reivindicando o seu carácter de lexítimas representantes do movemento de liberación da muller, tal e como relata Rosa María Magdá: “As batallas persoais, a defensa radical ou non da homosexualidade e as diversas posturas cos partidos políticos foron tamén puntos de litixio para un movemento excesivamente fechado sobre sí mesmo, que praga os seus textos de referencias ocultas e que, lonxe da acolledora solidariedade, parece converterse moitas veces nun campo minado (37).

- Feminismo italiano da diferenza

As súas primeiras manifestacións xorden en 1965, ligadas ao grupo DEMAU. Outro fito importante será a publicación no 1970 do manifesto de Rivolta Femminile e o escrito de Carla Lonzi “Cusparamos sobre Hegel” (38). As italianas, moi influenciadas pola tese das francesas sobre a necesidade de crear unha identidade propia e a experiencia dos grupos de autoconciencia das estadounidenses, sempre mostraron a súa disidencia a respecto das posicións maioritarias do feminismo italiano. Así o fixeron no debate en torno á lei do aborto, no que defendían a despenalización fronte á legalización, finalmente aprobada no 1977, e posteriormente na proposta de lei sobre a violencia sexual. Esta proposta, iniciada polo MLD, a UDI e outros grupos do movemento de liberación, reivindicaba, entre outras cousas, que a violación puidese ser perseguida de oficio, aínda contra a vontade da vítima, para evitar as frecuentes situacións en que as presións sobre esta terminaban co retiro da demanda. Neste caso, como no do aborto, considerase “o máis inaceptábel” que as mulleres “ofrecesen ese sufrimento concreto á intervención e a tutela do Estado, decindo actuar en nome de todas as mulleres” (39). Manteñen que a lei do home nunca é neutral, e a idea de solventar a través de leis e reformas xerais a situación das mulleres é descabelada. Critican ao feminismo reivindicativo por vitimista e por non respetar a diversidade da experiencia das mulleres. Plantexan que de nada serve que as leis den valor ás mulleres se estas non o teñen. A cambio, semellan propor trasladarse ao plano simbólico e que sexa nese plano onde se produza a efectiva liberación da muller, do “desexo feminino”. Ligada a esta liberación, moi volcada na autoestima feminina, están diversas prácticas entre mulleres, como o *affidament*, concepto de difícil tradución, no que o recoñecemento da autoridade feminina xoga un papel determinante. O que si afirman con claridade é que para a muller non hai liberdade nin pensamento sen o pensamento da diferenza sexual. É a determinación ontolóxica fundamental.

h) Últimas tendencias

Tras as manifestacións de forza e vitalidade do feminismo e outros movementos sociais e políticos nos anos setenta, a década dos oitenta semella

que pasará á historia como unha década especialmente conservadora. De feito, o triunfo de carismáticos líderes ultraconservadores en países como Inglaterra e Estados Unidos, certo esgotamento das ideoloxías que xurdiron no século XIX, máis o derrubamento dos Estados Socialistas, deron paso aos eternos profetas do fin de todos os conflitos sociais e da historia. Neste contexto, a pregunta é: ¿pode falarse dun declive do feminismo contemporáneo? E a resposta é un rotundo NON. Só unha análise insuficiente das diferentes fronteas e niveles sociais en que se desenvolve a loita feminista pode cuestionar a súa vixencia e vitalidade. Yasmine Ergas sintetizou ben a realidade dos oitenta: “Se ben a era dos xestos grandilocuentes e as manifestacións masivas que tanto chamaran a atención dos medios de comunicación parecían tocar ao seu fin, decote deixaban detrás de si novas formas de organización política feminina, unha maior visibilidade das mulleres e dos seus problemas na esfera pública e animados debates entre as propias feministas, así como entre estas e interlocutores externos. Noutras palabras, a morte, aparente, do feminismo como movemento social organizado non implicaba nin a desaparición das feministas como axentes políticos, nin a do feminismo como un conxunto de prácticas discursivas contestadas, pero sempre en desenvolvemento”. (40)

O feminismo non desapareceu pero si coñeceu profundas transformacións. Nestas transformacións influíron tanto os enormes éxitos colleitados -se consideramos o que foi o pasado e o que é o presente das mulleres- como a profunda conciencia do que fica por facer se comparamos a situación de homes e mulleres na actualidade.

Os éxitos colleitados provocaron unha aparente, tal vez real, merma na capacidade de mobilización das mulleres en torno ás reivindicacións feministas, pero máis que, paradoxalmente, estas teñen máis apoio que nunca na poboación feminina. Como exemplo o consenso entre as mulleres sobre as demandas de igual salario, medidas fronte á violencia ou unha política de gardarías públicas é practicamente total. Pero resulta difícil, por non dicir imposible, congregarse baixo esas reivindicacións manifestacións similares ás que se producían arredor da defensa do aborto nos anos setenta. (Só a posíbel posta en cuestión do dereito ao propio corpo nos Estados Unidos baixo o mandato de Bush foi capaz de concitar novamente marchas de centos de miles de persoas). Porén isto non implica un replegue da constante loita por conseguir as reivindicacións feministas. Aparte da imprescindible labor dos grupos feministas de base, que seguen coa súa continuada tarefa de concienciación, reflexión e activismo, tomou progresivamente forza o que xa se denomina “feminismo institucional”. Este feminismo reviste diferentes formas nos distintos países occidentais: dende os pactos interclasistas de mulleres á nórdica (41) -onde se puido chegar a falar de feminismo de Estado- á formación de lobbies ou grupos de presión, hasta a creación de ministerios ou institucións interministeriais da muller, como é o caso do Estado Español onde xa en 1983 se creou como organismo autónomo o Instituto da Muller e onde a día de hoxe (2009) existe o Ministerio de Igualdade. A pesar das diferenzas os feminismos institucionais teñen algo en común: o decidido

abandono da aposta por situarse fora do sistema e por non aceptar senón cambios radicais. Un resultado notábel destas políticas foi o feito, realmente impensábel hai dúas décadas, de que mulleres declaradamente feministas cheguen a ocupar importantes postos nos partidos políticos e nas institucións do Estado. Ora ben, non pode pensarse que este abandono da "demonización" do poder non reciba duras críticas dende os sectores do feminismo e non supoña incluso un cambio lento e difícil para todo un colectivo que, aparte da súa vocación radical, foi "socializado no poder". Neste contexto institucional tamén cabe destacar a proliferación nas universidades de centros de investigacións feministas. Na década dos oitenta, a teoría feminista non só despregou unha vitalidade impresionante senón que conseguiu dar a súa interpretación da realidade un status académico.

Os grupos de base, o feminismo institucional e a puxanza da teoría feminista, máis a paulatina incorporación das mulleres a postos de poder no estritamente político -administración, xudicatura, cátedras...- e a tarefas emblematicamente masculinas -exército e policía- teñen creado un poso feminista que simbolicamente pode fecharse coa Declaración de Atenas no 1992. Nesa declaración as mulleres mostran o seu claro desexo de firmar un novo contrato social e establecer dunha vez por todas unha democracia paritaria. Ora ben, esta firme vontade de avance, e a lembranza de todo o acadado, non significa que a igualdade estea por volta da esquina. Tal e como reflectira Susan Faludi na súa obra "Reacción".

Na guerra non declarada contra a muller moderna, o patriarcado, como todo sistema de dominación firmemente asentado, conta con numerosos recursos para perpetuarse. A mensaxe reactiva de "a igualdade está xa conseguida" e "o feminismo é un anacronismo que empobrece a vida da muller" parece ter callado nas novas xeracións. Como consecuencia, as mulleres mozas, incapaces de traducir de forma política a opresión semellan voltar a reproducir en patoloxías persoais antes descoñecidas -anorexia, bulimia- o problema que se empeña en "non ter nome".

Texto: Ana de Miguel

Publicado en: 10 PALABRAS CLAVES DE FEMINISMO

Compiladora: CELIA AMOROS

Tradución e adaptación para a súa divulgación: Galiza Nova Ourense

Notas:

[1] Como poñen de relevanza as recentes historias das mulleres, estas tiveron case sempre un importante protagonismo nas revoltas e movementos sociais. Porén se a participación das mulleres non é consciente da discriminación sexual, non se pode considerar feminista.

[2] A, Valcárcel, "¿É o feminismo unha teoría política?", Desde o feminismo, n 1, 1986.

[3] Cf. J. Kelly, "¿Tiveron as mulleres renacemento?", en J. S. Amelang e M. Nash (eds.) Historia e Xénero: As mulleres na Europa moderna e contemporánea, Alfonso Maganànim, Valencia 1990, pp. 93-126; e A. H. Puleo, "O paradigma renacentista da autonomía", en C. Amorós (coord.),

Actas do Seminario Permanente Feminismo e Ilustración. Instituto de Investigacións Feministas, Universidade Complutense de Madrid, Madrid 1992, pp. 39-46.

[4] Cf. A. H. Puleo, a. c., 43-44.

[5] S. Robotham, "Feminismo e revolución", Debate, Madrid 1978, pp. 15-26.

[6] S. Robotham, "A muller ignorada pola historia", Debate, Madrid 1980, p. 19.

[7] O. Blanco, "La 'querelle feministe' no século XVII", en C. Amorós (coord.), Actas do Seminario Permanente Feminismo e Ilustración, p. 77.

[8] G. Fraisse, Musa da razón, Cátedra, Madrid 1991, p. 194.

[9] De Celia Amorós sobre Poulain de la Barre: "O feminismo como exis emancipatoria" e "Cartesianismo e feminismo. Olvidos da razón, razóns dos olvidos", en Actas do Seminario..., pp. 85-104. As súas teses sobre a relación entre feminismo e Ilustración están sintetizadas en "O feminismo: senda non transitada da Ilustración", Isegoría, n. 1 1990.

[10] Algúns destes cadernos están traducidos na antoloxía "a Ilustración olvidada", realizada por A. H. Puleo, Anthropos, Barcelona 1993. Tamén desta mesma autora, "Unha cristalización político-social dos ideais ilustrados: os 'Cahiers de doléance' de 1789", en C. Amorós (coord.), Actas do Seminario..., pp. 147-153.

[11] P. M. Duhet, "As mulleres e a revolución (1789-1794)", Península, Barcelona 1974, p. 44.

[12] O. De Gouges, "Os dereitos da muller", en A. H. Puleo (ed.), A Ilustración olvidada, p. 155.

[13] G. Fraisse, o. c., p. 191.

[14] S. Robotham, A muller olvidada pola historia, p. 68.

[15] O texto da Declaración está recollido na Antoloxía do feminismo de Amalia Martín-Gamero, Alianza Editorial, Madrid 1975.

[16] R. J. Evans, As feministas, Século XXI, Madrid 1980, p. 15.

[17] S. Robotham, o. c., p. 115.

[18] C. Fourier, Teoría dos catro movementos, Barral, Barcelona 1974, p. 167.

[19] F. Tristán, Unión obreira, Fontamara, Barcelona 1977, p. 125.

[20] Cf. N. Campillo. "As sansimonianas: un grupo feminista paradigmático", en C. Amorós (coord.), Actas do Seminario..., pp. 313-324.

[21] A. Bebel, A muller e o socialismo, Júcar, Madrid 1980, p. 117.

[22] Cf. A. Kollontai, Memorias, Debate, Madrid 1979.

[23] P. J. Proudhon, Sistema das contradicións económicas ou filosofía da miseria, vol. 2, Júcar, Madrid 1974, p. 175.

[24] Cf. A. J. Perona, "O feminismo americano de post-guerra": B. Friedan", en C. Amorós (coord.), Actas do seminario Historia da teoría feminista, Instituto de Investigacións Feministas, Universidade Complutense de Madrid, Madrid 1994.

[25] A. Echols, Daring to Be Bad. Radical Feminism in America (1967-1975), University of Minnesota Press, Minneapolis 1989, p. 4.

[26] A. Echols, o. c., p. 11.

[27] O. c., p. 23.

[28] O. c., p. 54.

[29] Cf. "Xénero e Patriarcado".

[30] A. Echols, o. c., p. 140.

[31] A. Valcárcel, *Sexo e filosofía*, Anthropos, Barcelona 1991, p. 45.

[32] A. Echols, o. c., p. 140.

[33] J. Freeman, *A tiranía da falta de estruturas*, Forum de Política Feminista, Madrid.

[34] Cf. H. Hartmann, "Un matrimonio mal avenido: hacia unha unión máis progresiva entre marxismo e feminismo", *Zona Aberta*, 1980, pp. 85-113.

[35] Porén, é preciso sinalar que algunhas das feministas consideradas culturais, como é o caso de Kathleen Barry, non se senten en absoluto identificadas coa etiqueta de feminismo cultural e considéranse feministas radicais.

[36] R. Osborne, *A construción sexual da realidade*, Cátedra, Madrid 1993, p. 41.

[37] Cf. R. M. Rodríguez, "O feminismo francés da diferenza", en C. Amorós (cood.), *Actas do seminario Historia da teoría feminista*, Instituto de Investigacións Feministas, Universidade Complutense de Madrid, 1994.

[38] A historia deste feminismo está contada detalladamente no libro "Non creas ter dereitos", do colectivo Librería de Mulleres de Milán, horas e Horas, Madrid 1991.

[39] O. c., p. 81.

[40] Y. Ergas, "O suxeito muller: o feminismo dos anos sesenta-oitenta", en DUBY e Perrot (dirs.), *Historia das mulleres*, Taurus, Madrid 1993, vol. 5, p. 560.

[41] Cf. "Pactos entre mulleres".

O percorrido histórico do feminismo na Galiza

O movemento feminista na Galiza comezou a xurdir tras o fin da ditadura franquista. Así, no 1976, foi creada a Asociación Galega da Muller (AGM) por militantes de diferentes partidos da esquerda e mulleres independentes, converténdose no primeiro grupo de mulleres organizado na Galiza que loitaba directamente polos seus propios dereitos.

Nos primeiros anos a loita centrouse na reivindicación de dereitos tales como o traballo non discriminatorio, a amnistía para os delitos específicos da muller e a propia legalización das organizacións feministas. En 1977, e por vez primeira, convocouse por parte da AGM unha manifestación a prol do Día da Muller Traballadora, apoiada por diferentes sindicatos e partidos como CCOO, PCG, SGTE,...

En 1978 xorden as FIGA (Feministas Independentes Galegas), desvinculándose do feminismo representado pola AGM, posto que estas estaban coordinadas a nivel estatal pola "Coordinadora Estatal de Organizacións Feministas".

Comezada a década dos oitenta ampliouse o campo de acción e xurdiron novas reivindicacións, esixindo unha lei de divorcio xusta e a legalización do aborto. En 1981 incorporouse á celebración do 8 de marzo a AN-PG apoiando os actos e mobilizacións da Unión da Mocidade Galega. Por outra banda, a AMG estaba a promover unidades didácticas, debates e proxeccións de películas sobre a loita feminista.

En 1982 o Colectivo Feminista Independente Galego publicou o boletín nº 0 de A Saia, primeira publicación feminista e galega.

En 1984 apareceu un novo colectivo, Mulheres Nacionalistas Galegas, creada por militantes do BNG, converténdose na primeira organización feminista e nacionalista existente na Galiza. MNG chegou a conseguir, a través de Xosé Manuel Beiras, presentar no parlamento galego, no 1987, unha proposición non de lei sobre o aborto. En 1988 decidiron desvincularse de calquera organización política, pero sen cambiar os que foran os seus principios inspiradores dende os seus comezos: **antipatriarcado, nacionalismo e anticapitalismo**.

En 1995 a organización MNG celebrou unha asemblea nacional na que aprobaron non formar parte de ningún proxecto concreto de liberación nacional, pero mantendo a súa definición de nacionalistas.

Posteriormente, no ano 2000, constituíuse na Galiza a coordinadora da

Marcha Mundial das Mulleres, formada na actualidade por 36 organizacións de diferentes ideoloxías. Os obxectivos principais da Marcha son a loita contra a pobreza e contra a violencia de xénero. Ten participado en diferentes campañas e convocado concentracións nos últimos anos polo día 25 de novembro e 8 de marzo, así como celebrado no 2004 o Encontro Europeo da MMM coa participación de máis de 40000 mulleres, e en outubro de 2008 o VII Encontro Internacional da Marcha.



O post-feminismo que xa esta aquí A Teoría Queer: teoría do desxénero

A Teoría Queer e unha deconstrucción dos xéneros, é unha hipótese sobre os mesmos que afirma que a orientación sexual e a identidade sexual ou de xénero de cada individuo son o resultado dunha construción social e que, polo tanto, non existen roles sexuais esenciais ou bioloxicamente inscritos na natureza humana pois estes son formas socialmente variábeis de desenvolver un ou varios papeis sexuais.

Esta teoría rexeita a clasificación dos individuos en categorías universais como "homosexual", "heterosexual", "home" ou "muller" e afirma que esconden un gran número de variacións culturais, ningunha das cales pode considerarse máis fundamental ou natural que o resto.

Fronte ao concepto clásico de xénero que fai distinción entre o "heterosexual" e o "anómalo" (en inglés queer), esta teoría do desxénero afirma que todas as identidades sociais son igualmente anómalas. A descrición que da nome a esta teoría opón unha forma "normal" de sexualidade a outras consideradas anormais.

O movemento Queer critica as clasificacións sociais da psicoloxía, a filosofía, a antropoloxía e a socioloxía tradicionais baseadas no emprego dun único patrón e defende que as identidades sociais son elaboradas de xeito máis complexo como encontro de múltiples criterios.

As orixes deste movemento son diversas. O movemento de gais e lesbianas, que pode ser considerado o máis próximo, non proporciona os antecedentes históricos nin o modelo de compromiso político do movemento Queer que ven da Teoría Queer herdeira do feminismo. Aínda cando o movemento queer está, en xeral, máis próximo ao movemento LGTB que ao feminismo, moitas das súas raíces ideolóxicas están tamén no feminismo, sobre todo no americano dos anos 80. Antes desa data o feminismo agardaba que o progreso social se producira por un cambio na lexislación, os argumentos para a aprobación das lexislacións progresistas fundáronse sempre na comparación entre a minoría e o cidadán universal que tiña como modelo fundamental o home rico e branco. Neste punto varios movementos comezaron dende os 70 a oporse a esa imaxe de cidadán universal, e valorizar a súa propia capacidade de actuación cunha tendencia marcadamente postmodernista.

Esta segunda ola do feminismo foi alterada por fenómenos ideolóxicos relacionados con cuestións de sexualidade e xénero. O primeiro foi a cuestión da guerra de sexos (Sex War), que dividiron ás teóricas e militantes sobre o papel da pornografía na opresión das mulleres. A outra fisura veu da man da cuestión do lesbianismo nas filas feministas e deuse en coñecer como

Lavender Menace, nome do grupo de feministas lesbianas formado para protestar pola exclusión de lesbianas e reivindicaciónslésbicas no movemento feminista no Segundo Congreso para a Unidade das Mulleres (1970, New York). A homofobia que se atribuíu a esta segunda ola, a súa atención ás prácticas sexuais levaron, en grande medida, ao nacemento da Teoría Queer a principios dos 90.

A natureza efémera da identidade Queer pódese aplicar a todas aquelas persoas que algunha vez se sentiron fora de lugar ante as restricións da heterossexualidade e dos roles de xénero. Por iso a maior parte dos teóricos falan da autodesignación da identidade. Xunto ao xénero, a identidade compón un dos temas principais desta teoría e inclúe investigacións sobre a prostitución, a pornografía, as zonas escuras da sexualidade, etc. Cando alguén se define como Queer é imposible deducir o seu xénero.

O maior impulso da Teoría Queer veu da man dos estudos filosóficos e literarios do movemento postestruturalista. A idea do decentramento, do suxeito coa idea de que as facultades intelectuais e espirituais do ser humano non son parte da súa herencia biolóxica senón do resultado dunha multiplicidade de procesos de socialización a través dos cales se constitúen de xeito diferenciado as nocións do eu, do mundo e das capacidades intelectuais, proporcionou o impulso para o estudo dos roles sociais de homes e mulleres.

Michel Foucault, coa súa "Historia da Sexualidade", foi unha gran influencia xa que trataba criticamente premisas moi estendidas sobre os impulsos sexuais.

A bióloga Anne Fausto-Sterling sinala que o medo á confusión dos xéneros impulsou á ciencia e a medicina a buscar criterios irrefutábeis que estableceran o sexo anatómico e o xénero psicolóxico. O seu traballo cuestiona as intervencións médicas que pretenden curar a disforia (malestar, inquietude) de xénero e o hermafroditismo. A Teoría Queer interesase no parentesco e nas reivindicacións identitarias en xeral. Case todos os traballos queers comparten unha resistencia teórica ao esencialismo e as pretensións totalizadoras.

As investigacións queers sobre o xénero fundaméntanse no estudo das opcións desviadas do xénero e na separación de xénero e sexo biolóxico. Partindo da afirmación de Simone de Beauvoir "non se nace muller, faise" Judith Butler foi a primeira teórica queer en abordar a separación entre xénero e sexo.

En torno a esta nova forma de feminismo, tanto pola súa forma teórica como de praxe hai quen reivindica unha terceira ola do feminismo e quen afirma que temos xa aquí o post-feminismo. Nada mellor que ler e aprender para poder tomar partido desta interesante discusión.

Algunhas lecturas feministas recomendadas:

As mulleres e a revolución, Paule-Marie Duhet

Declaración dos Dereitos da Muller e da cidadanía, Olympe de Gouges, constitúe por si mesma un alegato brillante e radical en favor das reivindicacións femininas e unha proclama auténtica da universalización dos dereitos humanos. Denuncia que a revolución olvida as mulleres no seu proxecto de igualdade e liberdade.

A vindicación dos dereitos da muller, Mary Wollstonecraft (1792), é unha mestura de xéneros literarios -un tratado político, unha guía de comportamento e un tratado educacional-. Coa fin de discutir a posición da muller na sociedade explora as conexións entre catro termos: dereito, razón, virtude e deber.

Declaración de Seneca Falls, En 1848 celebrouse en Seneca Falls (New York) a primeira convención sobre os dereitos da muller en Estados Unidos, organizada por Lucretia Mott e Elizabeth Cady Stanton. O resultado foi a publicación da "Declaración de Seneca Falls" (ou "Declaración de sentimentos", como elas a chamaron), un documento baseado na Declaración de Independencia dos Estados Unidos no que denunciaban as restricións, sobre todo políticas, ás que estaban sometidas as mulleres: non poder votar nin presentarse a eleccións, nin ocupar cargos públicos, nin afiliarse a organizacións políticas ou asistir a reunións políticas. Foi un dos textos fundacionais do movemento sufraxista.

A Biblia das Mulleres, Elizabeth Cady Stanton (1895) un estudo sobre o sexismo no Antigo Testamento.

Unión Obreira, Flora Tristán (1843). En Unión obrera describe como "el mejoramiento de la situación de miseria e ignorancia de los trabajadores" é fundamental, porque "todas las desgracias del mundo provienen del olvido y el desprecio que hasta hoy se ha hecho de los derechos naturales e imprescriptibles del ser mujer".

O comunismo e a familia, Alejandra Kollontai 1921.

Clara Zetkin: escritos selectos, Clara Zetkin, 1991 escolma de textos.

Anarquismo e outros ensaios, Emma Goldman 1911, No seu pensamento e análise relaciona a loita feminista coa da clase obrera e fai interesantes aportacións sobre a sexualidade feminina.

O segundo Sexo, Simone de Beauvoir (1949) É considerada unha das obras máis relevantes, a nivel filosófico, do século XX. Nace dunha reflexión da autora sobre o que significa para ela ser muller. É unha das obras fundamentais do feminismo e emprega conceptos existencialistas para indagar acerca da vida da metade da humanidade. É considerada tamén unha obra enciclopédica pois aborda a identidade das mulleres e a diferenza sexual dende os puntos de vista da psicoloxía, a historia, a antropoloxía, a bioloxía, a reprodución e as relacións afectivo-sexuais.

A mística da feminidade, Betty Friedman (1963) Ensaio no que critica o rol feminino na sociedade contemporánea, que provoca numerosas formas de alienación.

Sexual Politics, Kate Millet (1970) Nesta tese a autora ofrece unha ampla crítica da sociedade patriarcal na sociedade occidental e a literatura. En particular, ataca o que ela ve como sexismo e heterosexismo dos novelistas D. H. Lawrence, Henry Miller, e Norman Mailer, contrastando os seus puntos de vista opostos ao do autor gay Jean Genet.

O pensamento heterosexual e outros ensaios. Monique Wittig (Egales). Unha crítica marxista da produción sexual, Wittig define por vez primeira en 1985 a heterosexualidade non xa como unha forma de facer sexo, senón como un réxime político e económico.

O xénero en disputa. Judith Butler (Paidós). Texto clave publicado orixinalmente en 1990 e que inaugura unha crítica das nocións tradicionais do feminismo branco, burgués, heterosexual e abre a vía á chamada teoría queer: teoría marica, bollera e trans.

Corpos sexuados. Anne Fausto-Sterling (Melusina). Un ensaio arriscado que revisa os textos científicos como metáforas culturais e representacións políticas a través dos que se constrúen as ideas de masculinidade e feminidade, de heterosexualidade e homosexualidade durante o último século.

O prisma da prostitución. Gail Pheterson (Talasa). Nós as putas (compilación) (Talasa). Dous dos textos clave do movemento de reivindicación dos dereitos das traballadoras sexuais.

Vamps & Tramps. Máis alá do feminismo. Camille Paglia (Valdemar). Paglia avanzou sen complexos algunhas das ideas centrais dun novo movemento radical, denunciando o xiro neoconservador do feminismo americano dos setenta, un feminismo que segundo ela foi confiscado pola moral xudeocristiana e o Estado capitalista.

Mulleres, raza e clase. Angela Y. Davis (Akal). Un clásico de 1981 no que Angela Davis traza unha xenealoxía do feminismo americano partindo dos movementos de loita polos dereitos dos negros e do movemento obreiro, axudándonos a tomar conciencia de como as discriminacións de clase e de

raza configuraron e reduciron a axenda do feminismo liberal contemporáneo.

Outras inapropiadas. Feminismos desde as fronteiras. Bell Hooks e outros (Traficantes de Soños). Antoloxía de ensaios críticos cos preceptos brancos e racistas do feminismo liberal desde o feminismo negro e poscolonial.

King Kong Teoría. Virginie Despentes (Melusina, en prensa). A diva destroy punk das letras francesas, escritora de novelas nas que as protagonistas ocupan posicións tradicionalmente reservadas aos homes (sangue, sexo e rock and roll) e da controvertida e censurada película "Fóllame" (2000), ofrécenos un ensaio en primeira persoa no que se atacan os tabúes do feminismo liberal: a violación, a prostitución e a pornografía.

***assemblea aberta de feminismo
galiza nova ourense***